

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de NOVIEMBRE de 2011**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 25 de novembro de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/11, do 28 de outubro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 18.201 á nº 19.300, de 2011.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario do mes de decembro.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[4.-Aprobación do proxecto reformado do modificado DP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo 1ª fase \(cód. proxecto 05.1130.0019.1\) incluída na sexta fase do Plan de travesías 2005.](#)

[5.-Modificación do acordo plenario nº 13 do 16 de setembro de 2011 da aprobación do Plan de vías provinciais 2011 sétima fase 2011 integrado polo proxecto Denominación terminación de seguridade viaria na DP 3006 acceso á Zapateira do PQ 1+960 ao 2+740 marxe esquerda.](#)

[6.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011 quinta fase integrado polos proxectos: mellora da seguridade viaria DP 0810 Guiliade a Guísamo PQ 2+450 ao PQ 2+890 senda peonil. Betanzos; senda peonil na DP 0605 e na DP 6602 O Pino; senda peonil na DP 1404 Cabana de Bergantiños.](#)

[7.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011 cuarta fase integrado polo proxecto: Mellora da seguridade viaria na DP 4604 PQ 0+760 ao 1+140. Melide.](#)

[8.-Aprobación da mutación demanial subxectiva e cesión do Concello de Vedra dos terreos necesarios para mellorar a seguridade viaria do tráfico peonil nas dúas marxes da DP 8203 e construción de beirarrúas polo seu paso polo núcleo de Paradela e polo núcleo de San Juan de Sales.](#)

[9.-Aprobación do proxecto reformado de “Mellora da seguridade viaria na DP 0205 Bertamiráns á Ramallosa no PQ 0+400 ao 0+500 Ampliación ponte Condomiña. Primeira relación da oitava fase do Plan de travesías 2009.](#)

10.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011 oitava fase integrado polos proxectos: Ampliación e mellora do trazado da DP 7013 Laranga a Olveira por Seráns PQ 6+244 ao PQ 7+230 (Ribeira); Ampliación da plataforma na DP 1405 Pazos a Leas por Beres dende PQ 8+820 ao PQ 10+760 (Cabana de Bergantiños); Reforzo de firme na DP. 4604 Melide ás Pías por Toques, PQ 8+410 ao 12+000 (Sobrado e Toques).

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

11.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Centro Cultural e Recreativo Fillos de Bujan en Bos Aires, da República Arxentina, para o financiamento de melloras na súa sede social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento.

12.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Centro Social Cultural Bergantiños, da República Oriental do Uruguai, para o financiamento do equipamento informático e gastos de conservación e mantemento do seu local social.

13.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Centro Betanzos en Arxentina para o financiamento de equipamento do seu local social.

14.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Residencia Santiago Apóstolo, de Río de Janeiro-Brasil para o financiamento de equipamento e para os seus gastos de funcionamento.

15.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Casa de España, de Río de Janeiro-Brasil, para o financiamento de equipamento do local social e para os seus gastos de funcionamento.

16.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Española de Beneficencia-Brasil, para o financiamento de equipamento sanitario e para os seus gastos de funcionamento.

17.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Fogar Español de Montevideo, da República Oriental do Uruguai, para o financiamento de equipamento e mobiliario do Fogar de Acollida, así como para os seus gastos de funcionamento.

18.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Social e Cultural, Santa Comba de Xallas en Bos Aires da República Arxentina para o financiamento de equipamento do seu local social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento e actividades.

19.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade de Residentes do Concello de Curtis-Arentina, para o financiamento de melloras en local social e gastos de funcionamento.

20.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Fillos do Concello de Zas, para o financiamento de mobiliario e melloras no seu local social, así como dos seus gastos de funcionamento e actividades.

21.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Unión do Partido Xudicial de Ordenes da República Arxentina para o financiamento de melloras na súa sede social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento.

22.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Fogar Galego para Anciáns, de Bos Aires- Arxentina, para o financiamento da adquisición de equipamento para o seu fogar de acollida, así como para financiar os seus gastos de funcionamento.

23.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade centro Arzuán Melidense da República Arxentina, para o financiamento da adquisición de equipamento para a súa sede social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento.

24.-Aprobación da formalización do Convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Parroquial de Vedra-Arentina, para o financiamento de melloras e equipamento no seu local social, así como para gastos de funcionamento.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

25.-Aprobación da 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011.

26.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Rede de saneamento e EDAR en Montoxo” do Concello de Cedeira, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, co código 09.3300.0105.0.

27.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento en Brates” do Concello de Boimorto, incluída no Plan de Cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, código: 09.3300.0116.0.

28.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas, colectores lixo r/Viñas Babilonia (Sta. Cruz)”, do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0151.0.

29.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Rede saneamento en Cortiñán (A Fraga, Os Curos e o.)” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, código: 10.3300.0156.0.

30.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Rehabilitación de fontes do Toural e de Souto”, do Concello de Cambre, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código: 11.2100.0042.0.

31.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento a Rediz (Grañas)” do Concello de Mañón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011. Código: 11.2100.0102.0.

32.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Reposición pavimento praza da Pulida de Cariño”, do Concello de Cariño, incluída no POS 2011 co código: 11.2100.0250.0 e minoración do seu orzamento para o seu destino ao financiamento dos gastos correntes do concello.

33.-Aprobación do informe sobre modificación dos estatutos da Mancomunidade “Comarca de Fisterra”.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

34.-Modificación da cláusula 7.2 do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para o sostemento dos GRUMIR, por erro material no acordo plenario no punto 6 do 30 de setembro de 2011.

35.-Aprobación da 2ª fase da anualidade 2011 do Programa de modernización dos mercados locais GDR 25.

36.-Ampliación do prazo para a xustificación da execución das obras do Programa de modernización de mercados locais do Plan director de comercio.

37.-Modificación do prazo de xustificación das actuacións incluídas no Programa de mellora da calidade turística zona do Eume 2008-2009.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

38.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Frades en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

39.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Negreira en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública.

40.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Ponteceso en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

41.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos nº 4/2011.

42.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na base 49 das de execución do Orzamento 2011.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE NOVEMBRO DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de novembro de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Antes de dar paso ao primeiro asunto da orde do día, a aprobación da acta da sesión anterior, rógolle ao Sr. secretario que dea lectura a unha declaración que se acordou cos outros grupos presentes.

Sr. secretario

Asinado polos voceiros do tres grupos políticos, preséntase o seguinte:

MANIFESTO CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO
“DÍA DA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.

A violencia que se exerce contra as mulleres segue a ser un problema global, que ten as súas raíces na estrutura dos sistemas sociais, nos costumes, nas pautas e valores culturais quea asignan ás mulleres unha posición inferior e subordinada na familia, no traballo e na sociedade.

É certo que desde que a violencia contra as mulleres deixou de considerarse un problema privado e pasou a definirse como un problema social, foron moitas as medidas activadas para facer fronte a esta realidade. Así aprobáronse leis estatais e autonómicas innovadoras e de grande importancia en materia de igualdade e de prevención da violencia sexista, activáronse recursos de atención, apoio, protección e prevención, e día a día pónense en marcha medidas e programas que, promovidos por institucións públicas pretenden erradicar estas condutas discriminatorias e violentas.

Nós lembramos hoxe ás 54 mulleres que, neste ano 2011, morreron vítimas da violencia de xénero. Non quedemos na cifra e dediquémoslle tempo a pensar en todo o que se esconde detrás: nesas 54 familias rotas, nesas 54 historias que xa non se contarán, en 54 dramas moitas veces ocultos por vergoña ou por falta de información e, o que é máis importante, pensemos en 54 asasinatos que poderían evitarse.

Os poderes públicos non poden estar á marxe desta problemática, non poden pechar os ollos e limitarse a lembrar hoxe ás vítimas. Teñen que ir máis alá e tomar conciencia de

que si, en pleno século XXI, a violencia de xénero segue a ser, por desgraza, un dos retos máis difíciles e importantes aos que se enfrenta a nosa sociedade. E todos nós, homes e mulleres, estamos implicados. Todos nós, homes e mulleres, temos a obriga de amosar a nosa repulsa, denunciála e mobilizarnos.

A violencia de xénero desaparecerá cando as mulleres deixen de ser cidadás de segunda e participen de forma igualitaria nesta sociedade. Desaparecerá cando deixen de estar á cabeza das cifras de pobreza, das listas de desemprego, de sufrir a infravaloración dos seus traballos e os problemas de conciliación da vida persoal, familiar e pública. Desaparecerá cando se deixe de usar a súa imaxe como un obxecto de consumo, cando as súas verbas se escoiten co mesmo volume que se escoitan as dos homes e cando sexan nomeadas e se visibilicen en todos os espazos sociais.

Constitúe un dos obxectivos desde a Deputación provincial, reflexionar e afondar na importancia da loita contra a violencia de xénero. Para isto foméntanse medidas de prevención, sensibilización e tratamento integral e protección das persoas vítimas da violencia de xénero, así como da súa reinserción laboral unha vez detectada a situación que as precise.

Urxe unha política común encamiñada a conseguir unha sociedade na que se dean relacións corresponsables e respectuosas nas que a diferenza de sexo non determine o que podes ou non podes facer.

Xuntando forzas, nun futuro próximo, viviremos nunha sociedade democrática na que os valores de xustiza, liberdade e igualdade sexan unha realidade polo ben común que dea sentido ao corpo social, onde poidamos recoller os froitos do longo camino na loita pola erradicación da violencia de xénero.

É por isto que os membros da corporación desta Deputación provincial manifestamos a nosa contundente repulsa a estes actos violentos e a nosa firme condena aos que os acometen.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/11, DO 28 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 12/11, do 28 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 18.201 Á Nº 19.300, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.201 á nº 19.300, de 2011.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día e apróbase tamén por unanimidade:

“Don Diego CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 30 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2011 celebrarase o día 16 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO MODIFICADO DP 0807 TATÍN A SAN ISIDRO POR MORUXO 1ª FASE (CÓD. PROXECTO 05.1130.0019.1) INCLUÍDA NA SEXTA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º).- Aprobar o proxecto reformado de modificado EP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo 1ª fase (cód. proxecto de gastos 2005-3-82000-22) Bergondo (código do proxecto reformado 0511300019.1) polo seu orzamento de contrata de 883.408,86 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 107.987,55 euros (IVE 16%) e de 109.849,4 euros (IVE 18%)

2º).- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. (B15293145), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de

adjudicación de 553.985,69 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 67.718,99 euros (IVE 16%) e de 68886,56 euros (IVE 18%).

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.918,92 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, polo tanto queda fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 23.878,69 euros.”

5.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO Nº 13 DO 16 DE SETEMBRO DE 2011 DA APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 SÉTIMA FASE 2011 INTEGRADO POLO PROXECTO DENOMINACIÓN TERMINACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PQ 1+960 AO 2+740 MARXE ESQUERDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo plenario nº. 13 do 16 de setembro de 2011, da aprobación do Plan de vías provinciais 2011, sétima fase 2011, integrado polo proxecto DENOMINACIÓN TERMINACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PQ 1+960 ao 2+740 MARXE ESQUERDA, que onde di código 1111100008.0 debe dicir código 0911100010.2”

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011 QUINTA FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 0810 GUILIADE A GUÍSAMO PQ 2+450 AO PQ 2+890 SENDA PEONIL. BETANZOS; SENDA PEONIL NA DP 0605 E NA DP 6602 O PINO; SENDA PEONIL NA DP 1404 CABANA DE BERGANTIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2011 quinta fase cun orzamento total de 265579,76 euros que a seguir se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 0810 GUILIADE A GUISAMO P.Q. 2+450 AO P.Q. 2+890 SENDA PEONIL. BETANZOS 1111700005.0	60.588,82
SENDAS PEONIL NA DP 0605 E NA DP 6602 O Pino 1111700006.0	156.992,98
SENDAS PEONIL NA DP 1404. CABANA DE BERGANTIÑOS 1111700007.0	47.997,96
TOTAL	265.579,76

2º.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións,

transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011 CUARTA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4604 PQ 0+760 AO 1+140. MELIDE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2011 cuarta fase, cun orzamento total de 114.662,02 euros que a seguir se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 4604 PK 0+670 AO 1+140 MELIDE 1111700004.0	114.662,02

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado.”

8.-APROBACIÓN DA MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E CESIÓN DO CONCELLO DE VEDRA DOS TERREOS NECESARIOS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA DO TRÁFICO PEONIL NAS DÚAS MARXES DA DP 8203 E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS POLO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PARADELA E POLO NÚCLEO DE SAN JUAN DE SALES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade dos terreos necesarios para mellorar a seguridade viaria do tráfico peonil nas dúas marxes da estrada EP 8203 e construír beirarrúas no seu paso polo núcleo de Paradela así como unha zona de aparcadoiro e beirarrúas na marxe esquerda da mesma estrada ao seu paso polo núcleo de San Juan de Sales.

A cesión ao Concello de Vedra comprende os terreos expropiados nas marxes da EP 8203 (núcleo de Paradela entre os PK 8+470 e PK 7+861), así como os terreos expropiados na marxe esquerda da EP 8203 (núcleo de San Cibrán entre os PK 7+057 ao 7+218)

No entanto, e de conformidade co informe emitido polo Servizo de Vías e Obras, coa construción de beirarrúas e aparcadoiros deixarase unha beiravía mínima de 0,5 metros e resolveranse adecuadamente a recollida de augas pluviais da plataforma da estrada. Ademais previamente á execución das obras deberase pedir licenza entregando un proxecto das devanditas beirarrúas para que sexa revisado polos técnicos do Servizo de Vías e Obras

2º.- Formalizar co Concello de Vedra as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

3º.- Dar de baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.”

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA NO PQ 0+400 AO 0+500 AMPLIACIÓN PONTE CONDOMIÑA. PRIMEIRA RELACIÓN DA OITAVA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o proxecto reformado de mellora da seguridade viaria na DP de Bertamiráns á Ramallosa desde o PK 0+400 ao PK 0+500: ampliación da Ponte da Condomiña en Ames (adx. 18) Ames (código do proxecto reformado 0911300021.1) polo seu orzamento de contrata de 161.157,21 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 25722,18 euros (IVE 16%) e de 26.165,67 euros (IVE 18%).

2º.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L. (B15289614), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 118.219,73 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 18.549,15 euros (IVE 16%) e de 18868,96 euros (IVE 18%).

3º.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 785,98 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, polo tanto queda fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 4.995,76 euros.”

10.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 OITAVA FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS: AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 7013 LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS PQ 6+244 AO PQ 7+230 (RIBEIRA); AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA NA DP 1405 PAZOS A LEAS POR BERES DENDE PQ 8+820 AO PQ 10+760 (CABANA DE BERGANTIÑOS); REFORZO DE FIRME NA DP 4604 MELIDE ÁS PÍAS POR TOQUES, PQ 8+410 AO 12+000 (SOBRADO E TOQUES).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1).- Aprobar o Plan de vías provinciais 2011 oitava fase, cun orzamento total de 824.418,83 euros que a seguir se detallan:

DENOMINACION	ORZAMENTO
Ampliación e mellora do trazado da DP 7013 Laranga a Olveira por Seráns P.Q. 6+224 ao P.Q. 7+230 Ribeira	291.349,6

111100008.0	
Ampliación da plataforma na DP 1405 Pazos a Leas por Beres dende P.Q. 8+820 ao P.Q. 10+760. Cabana Bergantiños	244.910,26
111100009.0	
Reforzo de firme na DP 4604 Melide ás Pías por Toques, P.Q. 8+410 ao 12+000. Sobrado e Toques	288.158,97
111100010.0	
Total	824.418,83

2).- Expón ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

11.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO CULTURAL E RECREATIVO FILLOS DE BUJAN EN BOS AIRES, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Imos expor o noso sentido do voto nos puntos 11 ao 24, que veñen ser todos convenios con entidades da Galicia exterior. Nós entendemos que no actual marco de crise económica, no que todos os días se producen recortes en servizos básicos para a sociedade residente en Galicia, cremos que a colaboración coa Galicia exterior debe perseguir outros obxectivos que vaian máis aló do mantemento das instalacións e os equipamentos dos centros e que, nese caso, no caso do mantemento das instalacións e equipamentos, quen debería de manter esa colaboración sería a administración competente nesa materia que é a Xunta de Galicia, con todo, si cremos que a Deputación pode seguir colaborando con este tipo de centros da Galicia exterior, debe prestar tamén colaboración económica, pero entendemos que no futuro o conveniente sería chegar a un acordo, un marco, unhas bases marco-reguladoras, que dixesen claramente que obxectos se poden subvencionar, e que centros, porque aquí non están todos, se poderían acoller a elas no futuro. Nós entendemos que seguramente os convenios aos que se vai chegar con estes centros son necesarios, pero tamén entendemos que neste marco de crise económica onde, efectivamente, insisto, váisenos a recortar á Galicia residente axudas, entendemos que seguramente o que se debería de estar a subvencionar na Galicia exterior son outro tipo de obxectivos que non sexan simplemente a compra de ordenadores ou a mellora dos locais sociais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Para anunciar que o Grupo Socialista vai votar favorablemente aos puntos 11 ao punto 24, ambos incluídos. Son diferentes convenios de colaboración con entidades e asociacións galegas no exterior, en Arxentina, Uruguai e Brasil. Dicer que nos alegamos de que a Deputación, a actual Corporación, a actual Presidencia, manteña esta liña de axuda e colaboración coas entidades galegas no exterior. E facer unha reflexión con respecto ao futuro. Cremos que os momentos de dificultade económica que estamos a vivir non deben de impedir que sexamos sensibles coas necesidades que os nosos compatriotas no exterior teñen, e debemos de continuar con esta liña de colaboración, pero a situación económica que vivimos en España débenos de facer ser máis exclusivos á hora de decidir que tipo de actuacións imos axudar, ou que tipo de actuacións imos financiar.

Imos votar favorablemente, como dicía, a todos os puntos, pero nalgúns casos estamos a contribuír á adquisición de mobiliario, ao pago dos servizos de limpeza, ao pago de liñas telefónicas, e non nos parece adecuado. Creo que nestas circunstancias deberíamos, e é unha petición e un rogo para o futuro, se se quere atender por parte do goberno, atender fundamentalmente ás necesidades sociais, e financiar entidades galegas no exterior que presten unha atención sanitaria, unha atención social, aos emigrantes galegos que teñen necesidades, e que son moitos. Asociacións tipo Fogar Español de Montevideo, tipo Casa de Galicia, tipo Santiago Apóstol de Río de Janeiro, ou tipo Domselaar, todas son entidades xestionadas por galegos onde hai acollidas persoas galegas que debido ás circunstancias que viviron esas repúblicas, que foron xente que pertenceu á clase media e que teñen unha vellez moi dificultosa porque non teñen medios, creo que no futuro deberíamos destinar as nosas axudas e os nosos recursos a axudar a este tipo de institucións, e durante unha época, mentres mantexamos esta situación de crise financeira en España, conxelar calquera tipo de axudas a outros centros que os precisan para cambiar o aire acondicionado ou para pagar a limpeza do local. Nada máis, moitas grazas, e reitero o voto favorable a todos estes puntos.

Sr. Freire Abeijón

En primeiro lugar agradecer ao grupo socialista e ao BNG o apoio neste comunicado de consenso que se leu ao principio do Pleno, é dicir que neste punto que se está tratando en concreto, o criterio que se seguiu á hora da adxudicación a estas entidades é o mesmo que se viña seguindo polos gobernos anteriores desta entidade. En función tamén das solicitudes presentadas recentemente, algunhas delas tiveron unha resposta inmediata, dado que foron presentadas nos últimos meses, e tamén se tiveron en conta criterios como o número de galegos beneficiarios a través desas entidades. De todos os xeitos recolleamos esa suxestión e valorárase a posibilidade de establecer criterios reguladores no futuro, e para iso teremos en conta a análise das propostas remitidas polos distintos grupos. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña ao Centro cultural e Recreativo Fillos de Buján en Bos Aires da República de Arxentina para o financiamento de Melloras na súa Sede Social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento por un importe de 7.500€ que supón unha achega provincial de 7.500€ con un coeficiente de financiamento do 100% que se imputará da seguinte forma:

5.000 € con cargo á partida 0103/232C/781

2.500 € con cargo á partida 0103/232C/481

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO CULTURAL E RECREATIVO FILLOS DE BUJAN EN BOS AIRES, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. MANUEL IGLESIAS PARAFITA, presidente do *CENTRO CULTURAL E RECREATIVO FILLOS DE BUJÁN EN BOS AIRES*, da República Arxentina.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por

diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

O Centro Cultural e Recreativo Fillos de Buján en Bos Aires é unha institución privada de carácter asociativo sen fins de lucro, constituída no 1964, ao amparo da lexislación da República Arxentina, por nativos do Concello de Buján, agora denominado Concello de Val do Dubra (actualmente estase a tramitar o cambio de denominación) que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus asociados e promover actividades culturais, recreativas e de fomento da galegitude, segundo os seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o *CENTRO CULTURAL E RECREATIVO FILLOS DE BUJÁN EN BOS AIRES*, da República Arxentina (Asociación Fillos de Buján ou a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de melloras na cociña e baños situados na planta alta da súa sede social, sita na rúa Rondeau 1639, de Bos Aires – Arxentina, así como para os seus gastos de funcionamento

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE HA REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
MELLORAS NA COCIÑA E BAÑOS	Albanería, fontanería, instalación eléctrica, ceorraso, alicatados, sanitarios, etc.	5.000,00 €	5.000,00 €	100,00
TOTAL		5.000,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Luz, auga e gas	800,00 €	2.500,00 €	100,00
	Gastos de administración, teléfono e arbitrios	350,00 €		
	Mantemento vixilancia e sistema contraincendios	700,00 €		
	Mantemento servizo limpeza e lavandería	650,00 €		
TOTAL		2.500,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colaboraría no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para as melloras no local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **100,00 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale ao **100,00 %** de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para as melloras do local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. As subvencións da Deputación son incompatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo do órgano competente da recepción de conformidade das instalacións obxecto das melloras realizadas, do compromiso de destinalas á finalidade social da beneficiaria durante polo menos dez anos, e de deixar constancia do financiamento provincial no inventario de bens da entidade e na súa contabilidade.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se

poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención

outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, da 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DO CENTRO CULTURAL E
RECREATIVO FILLOS DE BUJÁN

DIEGO CALVO POUSO

MANUEL IGLESIAS PARAFITA

12.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO SOCIAL CULTURAL BERGANTIÑOS, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E GASTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro Social e Cultural Bergantiños, da República Oriental do Uruguai, para o financiamento do equipamento informático e gastos de conservación e mantemento do seu local social, por un presuposto de 15.000€ que supón unha achega provincial de 15.000€ con un coeficiente de financiamento do 100% que se imputará da seguinte forma:

10.000€ con cargo á partida 0103/232C/781

5.000 € con cargo á partida 0103/232C/481

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO SOCIAL E CULTURAL BERGANTIÑOS, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E GASTOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL

....., de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. WÁLTER PENA MAÑANA, presidente do CENTRO SOCIAL E CULTURAL BERGANTIÑOS, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

O Centro Social e Cultural Bergantiños é unha asociación civil sen fins de lucro, constituída no 1969, ao amparo da lexislación da República Oriental do Uruguai, que ten como finalidade, entre outras, o fomento da cultura e tradicións galegas e a asistencia aos emigrantes galegos asociados.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio

intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e O CENTRO SOCIAL E CULTURAL BERGANTIÑOS, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito en Avda. Millán 4193, de Montevideo – Uruguai, así como para os seus gastos de conservación e mantemento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO E MOBILIARIO PARA O LOCAL SOCIAL	7 PC	4.387,00 €	10.000,00 €	100,00
	7 Monitores	812,00 €		
	1 Router e 1 Impresora	448,00 €		
	Mobiliario (escritorios, cadeiras, etc.)	4.353,00 €		
TOTAL		10.000,00 €		
CONSERVACIÓN E MANTEMENTO	Mantemento instalación eléctrica	735,00 €	5.000,00 €	100,00
	Conservación paredes e escaleiras	2.809,00 €		
	Licenzas e permisos	1.456,00 €		
TOTAL		5.000,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 10.000,00 € para o equipamento do seu local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do 100,00 %, e de 5.000,00 € para os gastos de conservación e mantemento, que equivale ao 100,00 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais establecidos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 0103/232C/781, para o equipamento do local social, por 10.000,00 €, e 0103/232C/481, para os gastos de conservación e mantemento, por 5.000,00 €.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel unha dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. As achegas provinciais son incompatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo de adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a subministración de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Logo da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente protocolo de intencións, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO CENTRO SOCIAL E
CULTURAL BERGANTIÑOS

DIEGO CALVO POUZO

WÁLTER PENA MAÑANA

13.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CENTRO BETANZOS EN ARXENTINA PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Centro Betanzos en Arxentina para o financiamento de equipamento do seu local social por un presuposto de 3000 € que supón unha achega provincial de 3.000 con un coeficiente de financiamento do 100% que se imputará con cargo á partida 0103/232C/781.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O *CENTRO BETANZOS*, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL

En _____, a _____ de _____ de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUZO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. BEATRIZ LAGOVA VEIGA, presidenta do *CENTRO BETANZOS*, da República Arxentina.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Asociación Centro Betanzos* é unha asociación fundada no ano 1905, con sede social na rúa Venezuela 1534/36 (1095), en Bos Aires - Arxentina, que carece de fins lucrativos, e que ten carácter cultural, recreativa e deportiva, segundo os seus estatutos.

A *Deputación da Coruña* é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o *CENTRO BETANZOS*, da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito en Venezuela 1534/36 (1095), en Bos Aires - Arxentina.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE		%
	GASTOS	ACHEGA	

EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	1 Fax	425,00 €	3.000,00 €	100,00
	1 PC	1.100,00 €		
	1 Proxector multimedia	825,00 €		
	1 Pantalla	120,00 €		
	10 Videocámaras	530,00 €		
TOTAL		3.000,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de **3.000,00 €**, que equivale a un coeficiente de financiamento do **100,00 %**.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (100,00 %) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: **0103/232C/781**, por **3.000,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A achega provincial é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo do órgano competente da adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial

para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

A PRESIDENTA O CENTRO BETANZOS

DIEGO CALVO POUSO

BEATRIZ LAGOA VEIGA

14.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOLO, DE RÍO DE JANEIRO-BRASIL PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Residencia Santiago Apóstol de Río de Janeiro-Brasil para o financiamento de equipamento e para os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 11.380,00€ que supón unha achega provincial de 15.000€, cunha participación provincial de 6.700€ que supón un coeficiente de financiamento do 88.263% e cunha achega provincial de 3.300 que supón un coeficiente de financiamento do 87,095%, o importe de 11.380 € imputarase do seguinte xeito:

6.700 con cargo á partida 0103/232C/781

3.300 co cargo á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL, DE RÍO DE JANEIRO -

BRASIL, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

..... de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D^a. REGINA JALLAS SUÁREZ FIGUEIRA, presidenta da RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL, de Río de Janeiro - Brasil.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Segundo os seus estatutos, a Residencia Santiago Apóstol (Asociación Recreo dos anciáns para asilo da vellez desamparada), con sede na cidade de Río de Janeiro (Brasil), na rúa Conde de Bonfim, é unha institución sen fins de lucro, fundada o 20 de marzo de 1940 por inmigrantes de orixe galega, coa finalidade, en xeral, de dar acollida e asistencia sanitaria ás persoas de idade avanzada que se atopan en situación de desamparo.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL, de Río de Janeiro - Brasil (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito na rúa na rúa Conde de Bonfim - Río de Janeiro – Brasil, así como para os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	Mobiliario	2.564,00 €	6.700,00 €	94,473
	Material eléctrico	2.250,00 €		
	Instalación rede ordenadores	2.777,00 €		
TOTAL		7.092,00 €		
FUNCIONAMIENTO	Alimentación	3.789,00 €	3.300,00 €	87,095
TOTAL		3.789,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 6.700,00 € para o equipamento do seu local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do 94,473 %, e de 3.300,00 € para os gastos de funcionamento, que equivale ao 87,095 % de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais establecidos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (94,473 % e 87,095 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

FINALIDADE	ORZAMENTO	ACHEGA	%	PARTIDA
EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	7.092,00 €	6.700,00 €	94,473	0103/232C/781
GASTOS DE FUNCIONAMIENTO	3.789,00 €	3.300,00 €	87,095	0103/232C/481

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. As achegas provinciais son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo de adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a subministración de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Logo da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA RESIDENCIA
SANTIAGO APÓSTOL

DIEGO CALVO POUSO

REGINA JALLAS SUÁREZ FIGUEIRA

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE ESPAÑA, DE RÍO DE JANEIRO-BRASIL, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Casa de España, de Río de Janeiro-Brasil para o financiamento de equipamento do

local social e para os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 14.325,00 € que supón unha achega provincial de 10.000, que se detalla en 6.700 € que supón un coeficiente de financiamento de 60,771% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 3.600 que supón un coeficiente de financiamento do 100% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será adende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A CASA DE ESPAÑA, DE RÍO DE JANEIRO - BRASIL, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

....., de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. ANTONIO CARLOS CARBALLO, presidente da *CASA DE ESPAÑA*, de Río de Janeiro - Brasil.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFIESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A Asociación Civil Casa de España, de Río de Janeiro (Brasil), é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1983, ao abeiro da lexislación do Brasil, que ten como finalidade, entre outras, o fomento da cultura e tradicións galegas e a asistencia aos emigrantes galegos asociados.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio

intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CASA DE ESPAÑA, de Río de Janeiro - Brasil (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito na rúa rúa Vitório da Costa 254, Humaitá - Río de Janeiro – Brasil, así como para os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	15 TV LCD	7.650,00 €		
	15 Bluray Player	3.375,00 €		
TOTAL		11.025,00 €	6.700,00 €	60,771
FUNCIONAMIENTO	Auga, enerxía eléctrica e teléfono	3.300,00 €		
TOTAL		3.300,00 €	3.300,00 €	100,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 6.700,00 € para o equipamento do seu local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do 60,771 %, e de 3.300,00 € para os gastos de funcionamento, que equivale ao 100,00 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (60,771 % e 100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores

ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

FINALIDADE	ORZAMENTO	ACHEGA	%	PARTIDA
EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	11.025,00 €	6.700,00 €	60,771	0103/232C/781
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	3.300,00 €	3.300,00 €	100,00	0103/232C/481

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial para gastos de funcionamento é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo de adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante subministracións de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Logo da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA CASA DE ESPAÑA

DIEGO CALVO POUSO

ANTONIO CARLOS CARBALLO BLANCO

16.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA-BRASIL, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO SANITARIO E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Española de Beneficiencia-Brasil, para o financiamento de equipamento sanitario e para os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 38.098,79€ o que supón unha achega provincial de 16.700€ , que se detalla en 6.700€ o que supón un coeficiente de financiamento do 19,647% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 3.300 que supón un coeficiente de financiamento do 82,578% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE BENEFICENCIA-BRASIL, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO SANITARIO E PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

..... , de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D^a. ANDREA CANELLAS DA SILVA PAREDES, presidenta da *SOCIEDADE ESPANHOLA DE BENEFICÊNCIA*, de Río de Janeiro - Brasil.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade Espanhola de Beneficência* é unha asociación fundada en *Río de Janeiro* no ano 1859, sen fins lucrativos, con propósitos filantrópicos, de carácter benéfico e asistencia social e da saúde, que ten como fin social, segundo os seus estatutos, a asistencia social e hospitalaria, función que realiza, en particular, a través do centro hospitalario da Sociedade (que se denomina "*Hospital Espanhol*").

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *SOCIEDADE ESPANHOLA DE BENEFICÊNCIA*, do Brasil (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento sanitario para o "*Hospital Español*", sito na rúa Riachuelo 302, de Río de Janeiro – Brasil, así como para os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO SANITARIO	6 Monitores de sinais vitais	34.102,56 €		
TOTAL		34.102,56 €	6.700,00 €	19,647
GASTOS DE FUNCIONAMIENTO	Teléfono	1.161,55 €		
	Gas	2.261,17 €		
	Enerxía eléctrica	573,51 €		
TOTAL		3.996,23 €	3.300,00 €	82,578

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 6.700,00 € para o equipamento sanitario, que equivale a un coeficiente de financiamento do 19,647 %, e de 3.300,00 € para os gastos de funcionamento, que equivale ao 82,578 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (19,647 % e 82,578 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

FINALIDADE	ORZAMENTO	ACHEGA	%	PARTIDA
EQUIPAMENTO SANITARIO	34.102,56 €	6.700,00 €	19,647	0103/232C/781
GASTOS DE FUNCIONAMIENTO	3.996,23 €	3.300,00 €	82,578	0103/232C/481

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. As achegas provinciais son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Certificación do acordo de adquisición dos bens ou equipamentos.
 - Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
 - Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
 - Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a subministración de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Logo da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA SOCIEDADE
ESPAÑHOLA DE BENEFICENCIA

DIEGO CALVO POUSO

ANDREA CANELLAS DA SILVA PAREDES

17.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO DO FOGAR DE ACOLLIDA, ASÍ COMO PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Civil Fogar Español de Montevideo en Uruguai para financiar o equipamento e mobiliario para o Fogar de Acollida e gastos de funcionamento por un presuposto de 15.000 euros, que supón unha achega provincial de 15.000€ , que se detalla en 10.000€ o que supón un coeficiente de financiamento do 100,00%, que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 5.000€, que supón un coeficiente de financiamento do 100,00%, que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura até o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO E MOBILIARIO DO FOGAR DE ACOLLIDA, ASÍ COMO PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

....., de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUISO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. ANTONIO RÍOS LÓPEZ, presidente do *FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFIESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

O *Fogar Español de Montevideo* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender os anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus

fins está asilar aos anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galega, prestando os servizos necesarios que requiran a súa atención.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito na Avda. Instrucciones 981, de Montevideo – Uruguai, así como para os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO E MOBILIARIO	Tensiómetros	117.00 €	10.000,00 €	100,00
	Cámara de frío	4.814.00 €		
	Toallas profiline	379.00 €		
	Uniformes do persoal	4.350.00 €		
	Equipamento informático	340.00 €		
TOTAL		10.000,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMIENTO	Teléfono	540,00 €	5.000,00 €	100,00
	Gas	2.160,00 €		
	Enerxía eléctrica	2.300,00 €		
TOTAL		5.000,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 10.000,00 € para o equipamento do seu fogar de acollida, que equivale a un coeficiente de financiamento do 100,00 %, e de 5.000,00 € para os gastos de funcionamento, que equivale ao 100,00 % de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 0103/232C/781, para o equipamento do fogar de acollida, por 10.000,00 €, e 0103/232C/481, para os gastos de funcionamento, por 5.000,00 €.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. As achegas provinciais son incompatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo de adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a subministración de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a

partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto

financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade

disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente protocolo de intencións, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DO HOGAR ESPAÑOL DE
MONTEVIDEO

DIEGO CALVO POUSO

ANTONIO RÍOS LÓPEZ

18.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL, SANTA COMBA DE XALLAS EN BOS AIRES DA REPÚBLICA ARXENTINA PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Social e Cultural, Santa Comba de Xallas en Bos Aires da República Arxentina, para o financiamento de equipamento do seu local social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento e actividades, por un presuposto de 7.500 que supón unha achega provincial de 7.500 €, que se detalla 5.000 € que supón un coeficiente de financiamento do 100,00%, que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500 € que supón un coeficiente de financiamento do 100,00% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL SANTA COMBA DE

XALLAS EN BOS AIRES, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO E ACTIVIDADES

En a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial de A Coruña.

E doutra parte, D. MARÍA JOSEFA GERPE PAZOS, presidenta da *ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL SANTA COMBA DE XALLAS EN BOS AIRES*, da República Arxentina.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Asociación Social e Cultural Santa Comba de Xallas en Bos Aires*, é unha institución privada sen fins de lucro, constituída ao amparo da lexislación da República Arxentina, ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros e promover actividades culturais, deportivas, recreativas e de fomento da galegitude, segundo os seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación

dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *ASOCIACIÓN SOCIAL E CULTURAL SANTA COMBA DE XALLAS EN BOS AIRES*, da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinado equipamento para o seu local social, sito en Maza 30, de Bos Aires – Arxentina, así como para os seus gastos de funcionamento e actividades.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL	Equipamento informático	1.400,00 €	5.000,00 €	100,00
	Televisión	970,00 €		
	Mobiliario para a Biblioteca	2.630,00 €		
TOTAL		5.000,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	Libros e pandeiretas	150,00 €	2.500,00 €	100,00
	Teléfono e consumo telefónico	260,00 €		
	Mantemento do sistema de seguridade	130,00 €		
	Papelería e servizos de correo	220,00 €		
	Monitores de actividades e material	770,00 €		
	Pequenas reparacións	970,00 €		
TOTAL		2.500,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para o equipamento do seu local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **100,00 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento e actividades, que equivale ao **100,00 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores

ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para o equipamento do local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento e actividades, por **2.500,00 €**.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. As achegas provinciais son incompatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Certificación do acordo do órgano competente da adquisición dos bens ou equipamentos, así como da incorporación ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao

respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro 2011.
2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN SOCIAL E
CULTURAL SANTA COMBA DE XALLAS DE BOS
AIRES

DIEGO CALVO POUSO

MARÍA JOSEFA GERPE PAZOS

19.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE DE RESIDENTES DO CONCELLO DE CURTIS-ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS EN LOCAL SOCIAL E GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a. Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade de Residentes do Concello de Curtis-Arxentina, para o financiamento de melloras no local social e gastos de funcionamento por un presuposto de 12.735,00€ que se detalla en 5.000€ que supón un coeficiente de financiamento do 48,852% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 100,00% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE UNIÓN DE RESIDENTES DO CONCELLO DE CURTIS, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En, a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUISO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. EUGENIO MARTÍNEZ PAREDES, presidente da *SOCIEDADE UNIÓN DE RESIDENTES DO CONCELLO DE CURTIS - ARXENTINA*

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade Unión Residentes do Concello de Curtis* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída ao amparo da lexislación da República Arxentina, de carácter mutual que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros e promover actividades culturais, deportivas, recreativas e de fomento da galegitude, segundo os seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *SOCIEDADE UNIÓN DE RESIDENTES DO CONCELLO DE CURTIS*, da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de determinadas melloras na súa sede social, na rúa Alsina 2725, de Bos Aires, así como para os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
MELLORAS NO LOCAL SOCIAL	Man de obra e materiais	10.235,00 €		
TOTAL		10.235,00 €	5.000,00 €	48,852
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Auga, gas, electricidade e teléfono	750,00 €		
	Mantemento, limpeza e arbitrios	750,00 €		
	Papelería e difusión de actividades culturais	500,00 €		
	Xestión e administración	500,00 €		
TOTAL		2.500,00 €	2.500,00 €	100,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para as melloras na súa sede social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **48,852 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale ao **100,00 %** de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (48,852 % e 100,00 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para as melloras no local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. Só a subvención da Deputación destinada á mellora do local social é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das

circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo do órgano competente da recepción de conformidade das instalacións obxecto das melloras realizadas, do compromiso de destinalas á finalidade social da beneficiaria durante polo menos dez anos, e de deixar constancia do financiamento provincial no inventario de bens da entidade e na súa contabilidade.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da

documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.
2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, d 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DA *SOCIEDADE UNIÓN DE
RESIDENTES DO CONCELLO DE CURTIS -
ARXENTINA*

DIEGO CALVO POUSO

EUGENIO MARTÍNEZ PAREDES

20.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FILLOS DO CONCELLO DE ZAS, PARA O FINANCIAMENTO DE MOBILIARIO E MELLORAS NO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO DOS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Fillos do Concello de Zas, para o financiamento de mobiliario e melloras do seu local social, así como dos seus gastos de funcionamento e actividades. por un presuposto de 13.043,00€, que se detalla en 5.000€ que supón un coeficiente de financiamento do 60,147% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de

2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 52,854% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FILLOS DO CONCELLOS DE ZAS, PARA O FINANCIAMENTO DE MOBILIARIO E MELLORAS NO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO DOS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO E ACTIVIDADES

En, a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. ÁNGEL JESÚS PEREIRA ESPASANDÍN, presidente da *SOCIEDADE FILLOS DO CONCELLO DE ZAS – ARXENTINA*.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade Fillos do Concello de Zas* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída ao amparo da lexislación da República Arxentina, que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros e promover actividades culturais, deportivas, recreativas e de fomento da galeguidade, segundo os seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no

fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a SOCIEDADE FILLOS DO CONCELLO DE ZAS, da República Arxentina (a beneficiaria, a adiante) para o financiamento das obras de mellora e equipamento do seu local social e os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
MOBILIARIO E MELLORAS	Melloras na sala de usos múltiples (escenario, ceorraso, instalación eléctrica, chan e parrilla)	6.633,00 €	5.000,00 €	60,147 %
	Mobiliario para a Biblioteca	1.980,00 €		
TOTAL		8.313,00 €		
FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES	Luz, auga, gas e teléfono	1.250,00 €	2.500,00 €	52,854 %
	Servizos de seguridade, conexión TV, arbitrios e difusión de actividades	480,00 €		
	Monitores de actividades e sereno	3.000,00 €		
TOTAL		4.730,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para o mobiliario e as melloras no local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **60,147 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento e actividades, que equivale, igualmente, ao **52,854 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe de

coeficiente de financiamento (60,147 % e 52,854 %, respectivamente) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: 0103/232C/781, para o mobiliario e as melloras do local social, por 5.000,00 €, e 0103/232C/481, para os gastos de funcionamento e actividades, por 2.500,00 €.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo do órgano competente da adquisición dos bens ou equipamentos, así como da incorporación ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Certificación da recepción de conformidade das instalacións obxecto das melloras realizadas, do compromiso de destinalas á finalidade social da beneficiaria durante polo menos dez anos, e de deixar constancia do financiamento provincial no inventario de bens da entidade e na súa contabilidade.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do

vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto

financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería

de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE FILLOS DO
CONCELLO DE ZAS_ ARXENTINA

DIEGO CALVO POUSO

ÁNGEL JESÚS PEREIRA ESPASANDÍN

21.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE UNIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DE ORDENES DA REPÚBLICA ARXENTINA PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Unión do Partido Xudicial de Ordes da República Arxentina para o financiamento de melloras na súa sede social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 9.931€ que se detalla en 5.000€ o que supón un coeficiente de financiamento do 71,114% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 86,207% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE UNIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DE ORDES, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS NA SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D.JOSÉ LUIS DURÁN RIOS, presidente da *SOCIEDADE UNIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DE ORDES - ARXENTINA*

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Asociación Unión Partido Xudicial de Ordes*, é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1939, ao amparo da lexislación da República Arxentina, que ten como finalidade favorecer o desenvolvemento integral da cultura dos seus asociados, así como fomentar a solidariedade e a relación entre estes e institucións similares, especialmente españolas.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *SOCIEDADE UNIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DE ORDES*, da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento de melloras na súa sede social e os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
MELLORAS	Colocación de ceorraso	7.031,00 €		
	TOTAL	7.031,00 €	5.000,00 €	71,114 %
FUNCIONAMENTO	Electricidade, auga e teléfono	2.900,00 €		
	TOTAL	2.900,00 €	2.500,00 €	86,207 %

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para as melloras na súa sede social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **71,114 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale ao **86,207 %** de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (71,114 % e 86,207 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para as melloras no local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. As subvencións da Deputación son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Certificación do acordo do órgano competente da recepción de conformidade das instalacións obxecto das melloras realizadas, do compromiso de destinalas á finalidade social da beneficiaria durante polo menos dez anos, e de deixar constancia do financiamento provincial no inventario de bens da entidade e na súa contabilidade.
 - Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
 - Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE UNIÓN DO
PARTIDO XUDICIAL DE ÓRDES_ ARXENTINA

DIEGO CALVO POUSO

JOSÉ LUIS DURÁN RIOS

22.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS, DE BOS AIRES- ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SEU FOGAR DE ACOLLIDA, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña a Sociedade Fogar Galego para Anciáns, de Bos Aires-Arentina, para o financiamento da adquisición de equipamento para o seu Fogar de Acollida, así como para financiar os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 8.094,00€ , que se detalla en 5.000€ o que supón un coeficiente de financiamento do 95,039% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 88,246 % que se imputará á partida 0103/232C/481.
A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS, DE BOS AIRES - ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O SEU FOGAR DE ACOLLIDA, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En _____, a _____ de _____ de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUISO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. RAFAEL GIL MALVIDO, presidente da *SOCIEDADE FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES*.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade Fogar Galego Para Anciáns* é unha asociación civil, sen ánimo de lucro, de carácter benéfico, constituída no ano 1943, ao amparo da lexislación da República Arxentina, con sede social na rúa Moreno 1270 – 2º, de Bos Aires (Arxentina) que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a protección e socorro mutuo entre os seus asociados, e en xeral a realización dun labor asistencial e de previsión e axuda para as persoas maiores, a través da súa Residencia Domselaar, sita no Municipio de San Vicente.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Sociedade Fogar Galego Para Anciáns* (a beneficiaria, a adiante) para o financiamento da adquisición de equipamento para o seu fogar de acollida, Residencia Domselaar, e os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO	Colchóns de aire	707,00 €	5.000,00 €	95,584 %
	Cadeiras hixiénicas	633,00 €		
	Cadeiras de rodas	1.917,00 €		
	Elevadores para pacientes	1.300,00 €		
	Calefactores	534,00 €		
	Acolchados	170,00 €		
TOTAL		5.261,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Luz, auga, gas e teléfono	2.833,00 €	2.500,00 €	88,246 %
	TOTAL	2.833,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para a adquisición do equipamento para o fogar de acollida, que equivale a un coeficiente de financiamento do **95,584 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale ao 88,246 % de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (95,584 % e 88,246 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para o equipamento do fogar de acollida, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. As subvencións da Deputación son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Certificación do acordo da incorporación dos bens e equipamentos adquiridos ao inventario da entidade e do compromiso de destinalos á finalidade social para a que foron adquiridos durante polo menos cinco anos.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial

para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE FOGAR GALEGO
PARA ANCIÁNS DE BOS AIRES

DIEGO CALVO POUSO

RAFAEL GIL MALVIDO

23.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE CENTRO ARZUÁN MELIDENSE DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A SÚA SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Centro Arzuán Melidense da República Arxentina, para o financiamento da adquisición de equipamento para a súa sede social, así como para financiar os seus gastos de funcionamento por un presuposto de 8.994,00 que se detalla en 5.000€ que supón un coeficiente de financiamento do 84,545% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 81,169% que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE CENTRO ARZUÁN MELIDENSE, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A SÚS SEDE SOCIAL, ASÍ COMO PARA FINANCIAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. CÉSAR ROBERTO PAMPÍN, presidente da SOCIEDADE CENTRO ARZUÁN MELIDENSE, da República Arxentina.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

O Centro Arzuán Melidense é unha institución privada sen fins de lucro, constituída no 1970, ao amparo da lexislación da República Arxentina, que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros e promover actividades culturais, deportivas, recreativas e de fomento da galegitude, segundo os seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a SOCIEDADE CENTRO ARZUÁN MELIDENSE, da República Arxentina (a beneficiaria, a adiante) para o financiamento da adquisición de equipamento para a súa sede social e os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

	CONCEPTO	IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
EQUIPAMENTO	Proxector e pantalla	833,00 €	5.000,00 €	84,545 %
	Impresora	267,00 €		
	LCD e DVD	2.699,00 €		
	Micrófonos	1.012,00 €		
	Mobles de cociña	620,00 €		
	7 sombreiros "Tella", de feltro	483,00 €		
	TOTAL	5.914,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Luz, auga e gas	925,00 €	2.500,00 €	81,169 %
	Teléfono e internet	922,00 €		
	Seguros	142,00 €		
	Gastos xestión administrativa	1.091,00 €		
	TOTAL	3.080,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para a adquisición do equipamento para a súa sede social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **84,545 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale ao **81,169 %** de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (84,545 % e 81,169 %, respectivamente) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para as melloras e equipamento do local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. As subvencións da Deputación son compatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos.
 - Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
 - Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - Certificación do acordo da incorporación dos bens e equipamentos adquiridos ao inventario da entidade e do compromiso de destinalos á finalidade social para a que foron adquiridos durante polo menos cinco anos.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE CENTRO ARZUÁN
MELIDENSE EN ARXENTINA

DIEGO CALVO POUSO

CÉSAR ROBERTO PAMPÍN

24.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA-ARXENTINA, PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO NO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Parroquial de Vedra-Arxentina, para o financiamento de melloras e equipamento no seu

local social, así como para gastos de funcionamento por un presuposto de 7.500€ que se detalla en 5.000€ o que supón un coeficiente de financiamento do 100,00% que se imputará á partida 0103/232C/781 e cunha achega provincial de 2.500€ que supón un coeficiente de financiamento do 100 % que se imputará á partida 0103/232C/481.

A vixencia do convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA-ARXENTINA PARA O FINANCIAMENTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO NO SEU LOCAL SOCIAL, ASÍ COMO PARA GASTOS DE FUNCIONAMIENTO

En a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D^a DORA PEGITO QUINTÁS, presidenta da SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA-ARXENTINA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as están vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedade Parroquial de Vedra* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída no 1910, ao amparo da lexislación da República Arxentina, que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros, outorgar subsidios e proporcionar servizos de asistencia sanitaria, etc., segundo o art. 2 dos seus estatutos.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio

intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA-ARXENTINA (a beneficiaria, a adiante) para o financiamento de mellora e equipamento do seu local social e os seus gastos de funcionamento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE		%
		GASTOS	ACHEGA	
MELLORAS NO LOCAL SOCIAL E EQUIPAMENTO	Subministración ordenador e impresora	1.230,00 €	5.000,00 €	100 %
	Reparación equipo aire acondicionado	3.020,00 €		
	Subministración equipo aire acondicionado	750,00 €		
TOTAL		5.000,00 €		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	Sistema protección contra incendios	340 €	2.500,00 €	100 %
	Seguros	370 €		
	Licencias, conservación/mantemento ascensor	1215 €		
	Actualización programas informáticos	575 €		
TOTAL		2.500,00 €		

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de **5.000,00 €** para as melloras e equipamento no local social, que equivale a un coeficiente de financiamento do **100 %**, e de **2.500,00 €** para os gastos de funcionamento, que equivale, igualmente, ao **100 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acada os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes: **0103/232C/781**, para as melloras e equipamento do local social, por **5.000,00 €**, e **0103/232C/481**, para os gastos de funcionamento, por **2.500,00 €**.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. As subvencións da Deputación son incompatibles coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Certificación do acordo da incorporación dos bens e equipamentos adquiridos ao inventario da entidade e do compromiso de destinalos á finalidade social para a que foron adquiridos durante polo menos cinco anos.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbese xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao

respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2012, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011.
2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data do dous mil once.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

A PRESIDENTA DA SOCIEDADE PARROQUIAL DE
VEDRA-ARXENTINA

DIEGO CALVO POUSO

DORA PEGITO QUINTÁS

25.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante o acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008, modificadas mediante o acordo plenario do 25 do xuño de 2010 e publicadas no BOP nº121 do 29 de xuño de 2010.

1.- Aprobar a 3ª fase da anualidade 2011 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no anexo I a este acordo.

Nº de obras	7
Nº de concellos	6

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	119.408,63
Achega Deputación (Deputación fondos propios)	778.891,08
Total	898.299,71

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/459D/76201 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2011.

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2011, no que se inclúe o crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a este plan.

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

Tendo en conta a data de aprobación desta 3ª fase, o prazo para a contratación das obras establécese no 30 de xuño do 2012, manténdose o prazo previsto para a súa execución ata o 1 de novembro do 2012.

4.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011
3ª Fase da anualidade 2011
Anexo 1: Obras da 3ª fase anualidade 2011 do Plan de cooperación provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO CALCULADO CO 18% IVE		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	11. 3300. 0254.	0. SANEAM . EN CULLERGONDO E XUANZO	168.530,78	25.377,81	193.908,59
		TOTAL	168.530,78	25.377,81	193.908,59
CABANAS	11. 3300. 0255.	0. SANEAM E PAV. PISTA BATAN (S. MARTIÑO DE PORTO)	63.166,91	14.937,75	78.104,66
		TOTAL	63.166,91	14.937,75	78.104,66
MELIDE	11. 3300. 0256.	0. REDE PLUVIAIS AVDA COMPOSTELA	34.370,61	3.818,96	38.189,57
		11. 3300. 0257. 0. REDE PLUVIAIS NA PRAZA DO INSTITUTO E OUTROS	32.754,01	3.639,33	36.393,34
		TOTAL	67.124,62	7.458,29	74.582,91
OROSO	11. 3300. 0258.	0. ABAST.AUGA VILACIDE-BERDOMÁS E SANEAM. OROSO	290.941,56	32.326,84	323.268,40
		TOTAL	290.941,56	32.326,84	323.268,40
PONTES (AS)	11. 3300. 0259.	0. REHAB. PARA CENTRO SOCIAL EN S.PEDRO DE EUME	102.210,04	18.037,07	120.247,11
		TOTAL	102.210,04	18.037,07	120.247,11
TEO	11. 3300. 0260.	0. PLANTA DE DEPURACIÓN BIOLÓXICA NO RIO SESTELO	86.917,17	21.270,87	108.188,04
		TOTAL	86.917,17	21.270,87	108.188,04
		TOTAL	778.891,08	119.408,63	898.299,71
		TOTAL CONCELLOS		6	
		TOTAL OBRAS		7	

26.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REDE DE SANEAMENTO E EDAR EN MONTOXO” DO CONCELLO DE CEDEIRA, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2009, CO CÓDIGO 09.3300.0105.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Rede de saneamento e EDAR en Montoxo” do Concello de Cedeira, incluída na 3ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, código: 09.3300.0105.0, cun orzamento de contrata de 536.830,86 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, nin das condicións esenciais do contrato, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto aprobado inicialmente, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación E.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0105.0	Cedeira	Rede de saneamento e EDAR en Montoxo	459.749,78	77.081,08	536.830,86”

27.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO EN BRATES” DO CONCELLO DE BOIMORTO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2009, CÓDIGO: 09.3300.0116.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneamento en Brates” do concello de Boimorto, incluída na 5ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, código: 09.3300.0116.0, cun orzamento de contrata de 330.539,67 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, nin das condicións esenciais do contrato, si implica alteración do trazado previsto no proxecto inicial.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Datos co 16% IVE</u>		
			<u>Deputación E.propios</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
09.3300.0116.0	Boimorto	Saneamento en Brates	314.012,69	16.526,98	330.539,67”

28.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRARRÚAS, COLECTORES LIXO R/VIÑAS BABILONIA (STA. CRUZ)”, DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010, CO CÓDIGO: 10.2100.0151.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Beirarrúas, colectores lixo R/Viñas Babilonia (S.Cruz)” do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras

e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0151.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero implica un cambio interno de partidas superior ao 30%.

Código	Denominación Concello	Financiamento co 18% de IVE			
		Deputación Fondos propios	Deputación Préstamo	Concello	Orzamento Total
10.2100.0151.0	Beirarrúas, colectores lixo R/Viñas Babilonia (S.Cruz) (Oleiros)	156.238,54	98.374,92	334.226,71	588.840,17"

29.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REDE SANEAMENTO EN CORTIÑÁN (A FRAGA, OS CURROS E O.)” DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, CÓDIGO: 10.3300.0156.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Aprobar o proxecto reformado da obra "Rede san. en Cortiñán (A Fraga, Os Curros e o.)” do Concello de Bergondo, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2010, co código: 10.3300.0156.0, que implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo Concello de Bergondo, polo que permanece invariable a achega da Deputación.

10.3300.0156.0 "Rede san. en Cortiñán (A Fraga, Os Curros e o.)" Concello de Bergondo			
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial (18% IVE)	Proxecto Reformado (18% IVE)	Diferenza (18% IVE)
Deputación f.p.	138.182,41	138.182,41	0,00
Concello	42.919,84	72.015,97	29.096,13
TOTAL	181.102,25	210.198,38	29.096,13"

30.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REHABILITACIÓN DE FONTES DO TOURAL E DO SOUTO”, DO CONCELLO DE CAMBRE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO: 11.2100.0042.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do proxecto da obra “Rehabilitación das Fontes do Toural e do Souto” do Concello de Cambre, incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 64.803,82 €, código 11.2100.0042.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, situación e obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento
--------	----------	--------------	------------	----------	-----------

11.2100.0042.0	Cambre	Rehabilitación de Fontes do Toural e do Souto	F. Propios 60.267,55	4.536,27	Total 64.803,82
----------------	--------	---	--------------------------------	----------	---------------------------

2.- Declarar cumprida a condición á que foi sometida a aprobación da obra “Rehabilitación das Fontes do Toural e do Souto” do Concello de Cambre, incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 64.803,82 €, código 11.2100.0042 e en consecuencia considerar definitivamente aprobada esta obra dado que resultou acreditado o cumprimento da condición á que estaba sometida a súa aprobación.”

31.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO A REDIZ (GRAÑAS)” DO CONCELLO DE MAÑÓN, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011. CÓDIGO: 11.2100.0102.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Abastecemento a Rediz (Grañas)” do Concello de Mañón, incluída no POS 2011, cun orzamento de contrata de 43.931,87 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade e obxecto da obra, si implica unha variación interna das súas partidas superior ao 30% do seu presuposto de execución material.

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Estado	Concello	Orzamento Total
11.2100.0102.0	Mañón	Abastecemento a Rediz (Grañas)	33.040,34	8.694,93	2.196,60	43.931,87”

32.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REPOSICIÓN PAVIMENTO PRAZA DA PULIDA DE CARIÑO”, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NO POS 2011 CO CÓDIGO: 11.2100.0250.0 E MINORACIÓN DO SEU ORZAMENTO PARA O SEU DESTINO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DO CONCELLO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a solicitude do Concello de Cariño de modificar o seu acordo inicial de financiamento do POS 2011, posto que inicialmente o concello destinaba toda a cantidade de 163.422,45 € que lle foi asignada ao financiamento dunha obra, e agora solicita destinar unha parte por importe de 81.711,23 € para o financiamento do proxecto modificado desta obra, e a diferenza, por importe de 81.711,22 € para o financiamento dos gastos correntes do concello

Visto o acordo plenario desta Deputación provincial do 28 de outubro de 2011, polo que se aproba o refinanciamento de varias obras do plan entre as que está esta obra, eliminando dela a achega do Estado e aumentando na mesma medida a achega da

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O presidente da mancomunidade “Comarca de Fisterra” remite o acordo da xunta da mancomunidade, adoptado o 4 de outubro de 2011, polo que se aproba a modificación dos estatutos para informe desta Deputación provincial en cumprimento do que dispón o artigo 143.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia e a disposición transitoria primeira dos estatutos da mancomunidade.

Tras o exame da documentación achegada e do informe da Secretaría Xeral, sen prexuízo do control de legalidade que poida corresponder a outras administracións, elevo ao Pleno da Deputación, logo do ditame da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos a seguinte proposta de acordo:

Informar favorablemente a modificación, acordada pola xunta da mancomunidade do 4 de outubro de 2011, dos estatutos da mancomunidade “Comarca de Fisterra”.

34.-MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA 7.2 DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA O SOSTEMENTO DOS GRUMIR, POR ERRO MATERIAL NO ACORDO PLENARIO NO PUNTO 6 DO 30 DE SETEMBRO DE 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez detectado o erro no acordo plenario, proponse ao Pleno:

Modificar a cláusula sétima, punto 2 do convenio de colaboración entre a deputación e os concellos para o sostemento dos GRUMIR, aprobado polo Pleno en sesión do 30 de setembro de 2011, asunto nº 6, no senso de que

Onde di;

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA. 2, no prazo máximo de DOUS MESES contados a partir da finalización daquelas, ou, a petición do concello, ata o 31.10.2011...

Debe dicir:

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA. 2, no prazo máximo de DOUS MESES contados a partir da finalización daquelas, ou, a petición do concello, ata o 31.10.2012...”

35.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS GDR 25.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

No último Pleno vimos como se retiraban da orde do día dous proxectos pola chegada de dous escritos que en todo caso puñan de manifesto presuntas irregularidades en ambos. Neste punto, un dos proxectos entendemos, despois de examinar a documentación varias veces, que conta co informe desfavorable dos servizos técnicos desta casa e aínda así se mantén na orde do día. Nós, aínda entendendo a necesidade das obras de todos os concellos, non podemos aprobar proxectos que contén con informes desfavorables, neste caso, se non se nos dá outro tipo de explicación, ou se non aparece un informe que, dalgunha maneira, derroque o informe que consta no expediente, imos votar en contra deste punto, xa que non podemos votar proxecto por proxecto, non imos votar en contra, perdón, ímonos abster.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, nós pediríamos que se separase a votación e se excluíse, se fixese unha votación separada da obra do Concello de Lousame, porque nós non queremos votar en contra das obras dos outros concellos, porque están perfectamente tramitados os expedientes, con todos os informes favorables, e creo que deberíamos de votar que si, pero queríamos votar separadamente a obra de Lousame porque senón estaríamos, ao noso xuízo, a xuízo do Grupo Socialista, cometendo unha ilegalidade administrativa, estaríamos a votar a favor dunha proposta que non se adapta ás bases reguladoras do programa de modernización dos mercados locais, xa que non pode incluírse dentro de ningunha das liñas de actuación dirixidas á modernización dos mercados municipais e de venda en non sedentarios. Isto é o que di o informe de Intervención do 19 de outubro do presente ano, o cal informa desfavorablemente o proxecto do Concello de Lousame. Segundo o arquitecto técnico municipal de Lousame esta obra consiste en construción de beirarrúas, instalación da rede de pluviais, instalación de cableado para futuros farois, reorganización de colectores de lixo e ampliación do número de aparcadoiros. Esta eu creo que é unha obra que non ten cabida no Plan de modernización dos mercados locais e é unha obra que ten cabida noutros plans da Deputación. Indubidablemente, calquera arranxo dunha rúa faise moito máis atractiva para a instalación de locais comerciais, pero non é esta a finalidade deste programa.

Por outra banda, o arquitecto provincial, en informe do 10 de xullo do presente ano, di que con independencia do exposto e sendo coñecedores de que este servizo non é competente para determinar se un proxecto se adapta ou non ás bases dun determinado programa, consideramos que as actuacións que se van realizar neste proxecto non están encamiñadas a modernizar o mercado municipal, nin a de ningún tipo de mercado ambulante. E abundando máis, o 11 de novembro deste ano, a

requirimento dalgunha dependencia desta casa, o Servizo de Intervención fai un novo informe que di, "...revisado novamente o expediente, e á vista dos informes que constan no mesmo, infórmase que lle corresponde ao Pleno tomar a decisión que considere máis oportuna...", pero segue estando vixente o devandito do 19 de outubro que informaba desfavorablemente.

Nós queríamos que se sometese a votación separadamente. E tamén como dicía, abundando no argumento do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, efectivamente, hai un mes vimos como se retiraban da orde do día asuntos que estaban debidamente informados, con todos os informes favorables e que se retiraban porque o día anterior recibírase unha carta, unha comunicación, dun concelleiro ou dun particular interesado. Diciamos o Pleno pasado que non podíamos fiscalizar cuestións que son competencia dos concellos, que teñen os seus propios órganos fiscalizadores e que se os concellos, a través da súa Secretaría ou do seu Servizo de Intervención, informan favorablemente calquera tipo de proxecto que se envíe á Deputación, para nós debe de ser suficiente ese informe. Pero, con todo, ás veces exercemos unha función fiscalizadora con respecto aos municipios que non nos corresponde e declinamos as nosas reais competencias e non exercemos esa función fiscalizadora cando son obras da Deputación. Creo que é unha contradición obvia, palmaria, e creo que é mellor, e haberá outros plans e outras formas de amañar esa rúa en Lousame, que seguro que é necesaria, pero non con cargo a este programa, porque incumpe todas as súas bases. Por tanto, Sr. presidente, pediríamos as votacións separadas deste proxecto de Lousame para poder votar que si ao resto das obras.

Sr. Freire Abeijón

Este programa vai dirixido a 12 concellos que son os teóricos beneficiarios de actuacións encamiñadas a reforzar e dinamizar a actividade comercial en calquera destes concellos. Efectivamente, existen dentro dese grupo de 12 concellos que integran o GDR25, concellos que non teñen, e no caso concreto de Lousame así é, unha actividade comercial intensa, pero o que si é evidente é que se pretendemos que eses concellos sexan beneficiarios deste Programa e este criterio está establecido por un goberno anterior, hai unha serie de municipios que, a pesar de que non teñen mercados municipais, digamos asentados, si que en determinado momento realizan actividades mediante mercados non sedentarios, ou itinerantes ou ambulantes. No caso concreto do proxecto do Concello de Lousame, as accións que se propoñen son accións encamiñadas a ampliar a zona de estacionamento próxima a esa zona onde existe unha pequena actividade comercial, recoñecemos que é pequena porque a actividade comercial fundamentalmente do Concello de Lousame se exerce no concello veciño de Noia, que está a menos dun quilómetro desta zona, pero todas as accións encamiñadas a dotar de servizos, a reforzar as zonas de estacionamento, a posibilitar o acceso de peóns a ese grupo de establecementos que aí están asentados, e tamén a contorna do concello onde se celebra periodicamente un mercado non sedentario, entendemos que posibilita a incorporación a esta orde. De non ser así, estes concellos veríanse privados da posibilidade de participar neste programa. Eu entendo que, efectivamente, existe algún informe non favorable, pero tamén no expediente existen outros informes favorables, e

desde que se requiriu desde este organismo provincial información complementaria, documentación complementaria, o técnico municipal redundou e matizou máis algún deses aspectos que non estaban suficientemente recollidos anteriormente, e por ese motivo pospúxose en reiteradas ocasións a incorporación á Comisión informativa. Finalmente, unha vez que se trataron todos eses matices que antes non estaban claros, e dado que si que somos conscientes de que non se trata dunha zona cunha intensa actividade comercial, pero se queremos que no futuro se poida producir ese asentamento de actividade comercial, temos que dotalos de servizos, ese é o motivo polo que se someteu a Comisión Informativa e agora trasládase esa proposta ao Pleno.

Sr. presidente

A verdade é que, consultada a posibilidade de votalo por puntos, non está prevista a votación por puntos dun único punto, o que si creo que podería salvar en todo caso a posición dos distintos grupos, creo que imos proceder á votación tal e como se presenta, pero facendo constar na acta especificamente, a iniciativa, a proposta do Partido Socialista, de que loxicamente votaría a favor de todo o resto de actuacións que van incluídas, e a que expuxo o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. En todo caso si que me gustaría sinalar simplemente que na Comisión este asunto foi votado afirmativamente, no seu caso polo Grupo Socialista, e de todos os xeitos estamos a falar dun programa que leva anualmente consignados uns fondos para cada un dos concellos que conforman este GDR da zona de Noia e Lousame e, por tanto, son os concellos os que, usando a súa autonomía local establecen cales son as necesidades encamiñadas ao favorecemento, neste caso, do comercio local. En todo caso, como dixen ao principio, o voto será conxunto tal cal, pero facendo constar tanto a postura do portavoz do Grupo Socialista, como a postura do portavoz do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Regueira Varela

Nós queremos deixar claro que seguramente despois de escoitar ao portavoz do Partido Popular, e sabendo como son as bases do Plan director de comercio, nós tamén poderíamos estar de acordo con esta obra, que pasa?, que eu creo que non nos ten que convencer a nós o portavoz do Partido Popular, a quen ten que convencer neste caso é á Intervención da Deputación. Nós se existise informe favorable de Intervención non teríamos ningún tipo de problema para votar este punto a favor, pero ao non ser así, efectivamente, manifestamos a nosa abstención.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, agradézolle que faga constar na acta que nos imos abster pero a nosa intención era votar favorablemente as outras obras. Teño que dicir que, efectivamente, votamos a favor na Comisión, pero votamos a favor cos datos dispoñibles que tiñamos nese momento, unha vez que analizamos o expediente vimos

cousas que nos fixeron cambiar de opinión. En calquera caso, a votación da Comisión Informativa non ten ningún valor, a que vale é esta de aquí.

E logo dicirlle que lle agradezo ao portavoz do Grupo Popular as súas explicacións, e creo que están ben argumentadas, pero é que non cumpre a obra os requisitos, nin ningunha das bases que están previstas neste Programa, porque neste Programa tamén está previsto a modernización de mercados non sedentarios, de mercados ambulantes, e ese mercado faise na praza do concello, podía arranxar esa praza do concello, para favorecer ese mercado. Isto é un arranxo dunha rúa, que me parece ben, e que seguramente é necesaria, pero non ten nada que ver coa finalidade deste programa, e de feito os informes técnicos e os informes que figuran no expediente, así o poñen de manifesto. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
 Votan en contra: ningún deputado
 Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido ós concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante o acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2010-2011 do Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamento 2ª fase anualidade 2010-2011	ANO 2010	ANO 2011	TOTAL 2ª FASE
Achega municipal	2.308,36	729,07	3.037,43
Achega Deputación	107.475,68	181.243,50	288.719,18
Total	109.784,04	181.972,57	291.756,61

2.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
POBRA DO CARAMIÑAL	Obras de mellora do mercado municipal	21.500,00		21.500,00	36.250,00		36.250,00	57.750,00

BOIRO	Modernización do mercado municipal de Boiro	21.475,68		21.475,68	36.243,50		36.243,50	57.719,18
LOUSAME	Modernización do mercado local no Concello de Lousame	21.500,00		21.500,00	36.250,00		36.250,00	57.750,00
MUROS	Soterramento do cableado de abastecemento eléctrico e de telecomunicacións do mercado municipal de Muros 1ª fase	21.500,00		21.500,00	36.250,00		36.250,00	57.750,00
PADRÓN	Acond. Interior praza de abastos municipal	21.500,00	2.308,36	23.808,36	36.250,00	729,07	36.979,07	60.787,43
	TOTAL	107.475,68	2.308,36	109.784,04	181.243,50	729,07	181.972,57	291.756,61

(1) Achega Deputación 2010

(2) Achega municipal 2010

(3) Total 2010 (Achega da Deputación + Achega concello)

(4) Achega Deputación 2011

(5) Achega municipal 2011

(6) Presuposto total 2011 (Achega da Deputación + Achega concello)

(7) Presuposto total 2010+2011

As achegas da Deputación para os anos 2010 e 2011 ascenden a 107.475,68 e 181.243,50 euros o que da un total de 288.719,18 euros de achega total da Deputación nesta segunda fase do plan.

3º.- A contratación e execución das obras e actuacións realizaranas os concellos de acordo coas instrucións que figuran no punto 7 e 8 das bases reguladoras

4º Dispoñer á exposición pública a 2ª fase do programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

5º Establecer que o prazo ao que fai referencia a base sétima das de convocatoria do programa , para xustificar ante a Deputación a contratación dos investimentos, finalizará o 30 de abril de 2012. Polo tanto, os concellos incluídos nas dúas fases do programa deberán xustificar a contratación dos investimentos ante a Deputación na data indicada.

6º.- Facultar o presidente para canto proceda tocante á xestión do presente acordo".

36.-AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DE MERCADOS LOCAIS DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do segundo parágrafo da base 8ª das bases do programa de Modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar, aprobadas por acordo plenario do 26 de marzo de 2010, e modificadas polo acordo plenario do 24 de setembro de 2010.

O parágrafo 2 da base 8 quedaría establecido nos seguintes termos:

“As obras e actuacións dos investimentos deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 30 de novembro de 2012. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar prórroga para o seu remate”.”

37.-MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA ZONA DO EUME 2008-2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Analizado o estado de tramitación das obras do Programa de mellora da calidade turística da zona do Eume, e visto que quedan algúns concellos por xustificar a execución das obras:

Aprobar a habilitación dun novo prazo de execución para os concellos que teñen obras pendentes de xustificar. As obras deberán estar xustificadas perante a Deputación con anterioridade ao día 30 de xuño de 2012.”

38.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE FRADES EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Frades en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

39.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NEGREIRA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Negreira en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza, ás que se refire o artigo 3º, último parágrafo, da vixente Ordenanza Fiscal.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

40.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PONTECESO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Ponteceso en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

41.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/2011 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 1.255.249,32 euros que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

C.E. Créditos extraordinarios	1.025.781,46
S.C. Suplementos de crédito	229.467,86
229.467,86	

Total de aumentos: 1.255.249,32

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:1.025.781,46
B.A. Baixas por anulación:

Total financiamento: 1.255.249,32

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.A.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	0,00	29.467,86
3. Gastos financeiros	185.815,39	0,00
4. Transferencias correntes	79.035,86	0,00
6. Investimentos reais	25.000,00	0,00
7. Transferencias de capital	965.398,07	200.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.255.249,32	229.467,86

B.A.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamentos investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Remanente de Tesourería	1.025.781,46
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	1.025.781,46

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades locais, para dar cumprimento co disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

42.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento provincial.

1º.1. Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 49ª do Orzamento provincial do exercicio 2011 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0202/151B/762.01	Concello de Boimorto	P1501000B	<i>Mellora da contorna do albergue de Baiuca</i>	30.000,00	30.000,00	100,00
0202/155A/762.01	Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	Pavimentación e acondicionamento urbano na Praza Alcalde Segundo Durán e Calleja Castelo Díaz de Rábago.	42.087,95	42.087,95	100,00
0202/155A/762.01	Concello de Vimianzo	P1509300H	Senda Peonil	36.000,00	45.000,00	80,00
0202/161A/762.01	Concello da Baña	P1500700H	Saneamento en Guende	39.920,00	49.900,60	80,00
0202/161A/762.01	Concello de Cabana de Bergantiños	P1501400D	Redes de saneamento e abastecemento nos lugares de Vilaseco, Borneiro e O Briño.	39.665,06	49.581,33	80,00
0202/161A/762.01	Concello de Cariño	P1509500C	Pavimentación, abastecemento e saneamento rúa do Campo 2ª Fase	31.200,00	40.660,24	76,73
0202/161A/762.01	Concello de Vilarmaior	P1509200J	Captación de augas	17.138,13	17.138,13	100,00
0202/162A/462.01	Concello de Rianxo	P1507300J	Campaña fomento tratamento residuos	7.800,00	9.750,00	80,00
0202/162A/762.01	Concello de Vedra	P1509000D	Camión compactador de residuos sólidos urbanos.	118.000,00	147.500,00	80,00
0202/231E/624.01	Instituto Benéfico Social Padre Rubinos	G15074743	Adquisición furgón isotérmico.	25.000,00	25.000,00	100,00
0202/337B/762.01	Concello de Mañón	P1504500H	Obras centros sociais e culturais	35.000,00	43.750,00	80,00

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/342A/762.01	Concello de Carral	P1502100I	Cerramento do campo de fútbol e construción de bancadas e vestiarios.	112.862,17	112.862,17	100,00
0202/453D/762.01	Concello de Lousame	P1504300C	Senda peonil en Marracín.	38.348,00	47.935,94	80,00
0202/453D/762.01	Concello de Mesía	P1504800B	Cisterna de asfalto	28.800,00	36.000,00	80,00
0202/453D/762.01	Concello de Santa Comba	P1507800I	Pavimentación estrada comunicación entre concellos (límite con Negreira, Outes e base de helicópteros)	40.000,00	60.605,27	66,00
0202/454A/762.01	Concello de Cesuras	P1502600H	Subministro de vehículo para servizo de mantemento.	13.000,00	13.000,00	100,00
0202/454A/762.01	Concello de Paderne	P1506500F	Mellora do camiño de Penadagúa	30.000,00	37.500,00	80,00
0601/326A/481	USC Facultade de Matemáticas	Q1518001A	Proxecto ESTALMAT-Galicia.	25.000,00	52.080,00	48,00
0701/231G/481	Asociación Ciudadana para la Lucha Contra La Droga (ACLAD)	G15037187	Programa "Atención a enfermos con patoloxía dual"	29.467,86	36.834,32	80,00
NOMINATIVAS NOVAS:				TOTAL SUBVENCIÓN	739.289,17	

1º.2. Modificar as subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/151B/462.01	Concello de Culleredo(1)	P1503100H	Melloras de accesibilidade no entorno do Burgo	100.000,00	144.177,87	69,35
0202/169A/762.01	Concello de Cambre(3)	P1501700G	Rehabilitación e restauración para equipamentos sociais: Casa da cultura	800.000,00	1.378.726,61	58,02

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0202/169A/762.01	Concello de Ribeira(1)	P1507400H	Obras de acondicionamento local municipal	25.000,00	51.556,27	48,49
0202/169A/762.01	Concello de San Sadurniño(2)	P1507700A	Rehabilitación Obras de restauración Pazo da Marquesa	200.000,00	345.728,01	57,85
0202/942Z/762.01	Concello de Ames(3)	P1500200I	Obras varias en vías públicas municipais e camiños	400.000,00	513.025,00	77,97
0701/231E/781	Asociación ADACECO(4)	G15780166	Adquisición vehículo adaptado	45.785,82	45.785,82	100,00

(1) Cambio de presuposto subvencionado e coeficiente de financiamento.

(2) Cambio de aplicación presupostaria e obxecto e inclusión do presuposto e coeficiente de financiamento.

(3) Cambio de obxecto, presuposto e coeficiente de financiamento.

(4) Incrementase o importe da subvención en 9.785,82 (antes 36.000,00).

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do RD 500/90 do 20 de abril.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

ACTUACIÓN DE CONTROL
ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Nós queremos rogar que o método da vía de urxencia nas comisións, de incluír obras a última hora e sen figurar na orde do día, evitar que sexa o habitual, que sexa unha cuestión excepcional. Dígoo porque nas últimas comisións incluíronse un montón de cuestións por vía de urxencia, esperamos que non ocorra coa frecuencia que está a ocorrer nestes momentos.

Sr. Freire Abeijón

Trataremos de evitar no futuro esa situación.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.